

FESTA DE SANTA XOANA

CURSO 2005- 2006

➤ LEMA

✚ E TI ¿QUE PONTE ES?



➤ OBXECTIVOS

- ✓ Presentar a Xoana de Lestonnac como exemplo de “**ponte comprometida**” coas dificultades da súa época.
- ✓ Valorar e interiorizar o estilo de vida baseado en crear “**pontes**” como camiño para *descubrir a felicidade de darse ós demais*.
- ✓ Descubrir o sentido e misión da “**Compañía de María**” na historia e no presente para *converternos en parte activa neste momento histórico*.
- ✓ Sentirnos -como Xoana de Lestonnac- abertos á mensaxe de Xesús de entrega ós demais.

➤ PRIMEIRA ACTIVIDADE: “A ponte” (montaxe)

Visualización da montaxe titulada “A ponte”. Podemos dividila en varias partes

- Primeira parte: “A Ponte”

Trátase de facer un símil entre o significado e a función dunha “ponte” e trasladalo ás persoas. Texto da historia da “ponte”:

A PONTE

*Toda corrente de auga descorre entre dúas beiras.
Dúas beiras que permiten que a auga realice a súa tarefa: regar os campos a través dos que descorre.
Esas beiras están distantes unha da outra e só chegan a xuntarse mediante “unha ponte”.
Se se mira atentamente a ponte, descubrimos que realiza un gran labor: Facer posible que as dúas beiras se acheguen.
A “Ponte” une as beiras. Coma unha man estendida ofrécese ós estraños.
Se a ponte tivese sentimentos, poderíamos dicir sen medo, que a ponte se sentiría feliz. Feliz por ser quen de facer a outro feliz. E nunca se recolle máis felicidade que cando se dá felicidade.
A misión máis importante da “ponte” é a de unir e achegar. De acurtar distancias. De separar abismos.
A “ponte” é forte. Resiste a todo, permanece sempre estática, ofrecendo o seu servizo ós que o precisan.*

*O segredo da súa forza? O segredo da súa perseveranza?
O segredo de súa grandeza? "¡¡¡ Naceu para unir. Vive para unir. Serve para unir !!! "
Gustaríache ser ponte?...*

Algunhas suxerencias para o diálogo:

- Facer fincapé na función que para nós teñen as pontes.
 - Trasladar esta función e o servizo que para nós teña a "ponte" a persoas ou situacións de persoas que coma a "ponte": unen, aproximan, perseveran,...
 - ...
- Segunda parte: "Persoas ponte" (2º parte montaxe)

Móstrase unha serie de persoas que co seu labor crearon pontes para os demais. Entre estes perfís encóntrase Xoana de Lestonnac que crea a Compañía de María que segue servindo ós demais 400 anos despois. Pode ser un bo momento para lembrar a montaxe que se visualizou o día do comezo da celebración dos 400 anos. Facer fincapé ó final en que fagan unha chuvia de ideas sobre casos que crean poidan precisar crear "pontes", casos de persoas que eles coñezan que crean "pontes"

➤ SEGUNDA ACTIVIDADE: "A túa ponte"

Despois de deixar que todo o falado cale en cada un de nós é o momento de concretar que realidades vemos na nosa vida cotiá que poden precisar de nós. Lembrar que non se trata de cousas xerais e lonxanas senón desas *pequenas cousas* que axudan a que a vida sexa mellor.

Unha vez que teñamos claro cal pode ser a nosa "ponte" podemos comezar a debuxala de forma simbólica e poñerlle nalgún lado esa palabra que encerre a actitude ou a acción que debe ter esa ponte que seguro fará que a vida sexa mellor.

➤ EUCARISTÍA

Presentamos agora as nosas pontes a Deus: **abertas** á súa palabra e á súa entrega. Xuntámonos todos ante Xesús coas nosas pontes que poden axudar a soñar cun mundo mellor. Sintámonos felices e agradecidos nesta Eucaristía a Deus polo exemplo de Xoana de Lestonnac

